

**Folga indefinida do  
SAF de Ponteareas**

Páxina 4

**A Cañiza instala plantas  
fotovoltaicas**

Páxina 9

**Luminarias na fonte  
de Troncoso**

Páxina 10

**“Mareas de  
Coñecemento”  
en Covelo**

Páxina 10

**Discrepancias polas  
contas de O Porriño**

Páxina 12

**Irmandamento entre  
Mos e Pezinok**

Páxina 13

**Salceda, pioneiro  
en cardioprotección  
no rural**

Páxina 14

**Salceda compra  
parcela para ampliar  
a Praza da Devesa**

Páxina 14

**A Illa de San Simón:  
memoria e creatividade**

Páxina 16



*Ponteareas financiará o 60% da construción da nova biblioteca cos fondos FEDER*

## Ponteareas e O Porriño logran 6,5M€ de fondos europeos cada un

Páxinas 3 e 13



**Entrevista**

**Enrique González Pedreira, "Quiño"**  
Presidente da Sociedade Deportiva Juvenil de Ponteareas

**“Pouco a pouco estamos  
lavando a imaxe do Juvenil”**

Páxina 6

**Al frío dale calor**  
Pensado para ti

**pikolin** **LOS Nº1**  
en venta  
de electrodomésticos  
en nuestro país

**BOINSCON CENTER**

**euronics**

Concha Brey, 4  
PONTEAREAS  
Teléfono: 986 640 115  
609 85 14 52

PIKOLIN - Del 11 de octubre al 14 de noviembre

**Los**

**35** **Días**

**¡ Más baratos  
del año !**

## EDITORIAL

Guillermo Rodríguez. Director



## Miña casiña, meu lar!

**T**raemos hoxe a estas páxinas os suspiros de Rosalía de Castro en “Cantares Galegos” para meternos un chisco máis na problemática da vivenda. Non era este, precisamente, o problema de Rosalía, senón ter que abandonar a súa casiña, os seus ríos, as súas fontes. Hoxe o problema é moito máis grave, se cabe, hoxe redúcese ao que odiamos sintetizar en “unha vivenda é un tesouro, moitas vivendas é poder”.

O acceso á vivenda é, a día de hoxe, a principal preocupación da cidadanía, segundo ten constatado o CIS durante os últimos oito meses.

Non imos deternos nas medidas que ultimamente se teñen tomado en Cataluña, Navarra, Asturias e Galicia sobre a declaración de zonas en tensión. Imos ofrecerlles unha síntese dunhas declaracións feitas na revista “PÚBLICO” de Michaela Kauer, responsable da Oficina da Cidade de Viena, nas que explica como a capital austríaca conseguiu protexer e ampliar o seu parque de vivendas públicas durante máis dun século. Cun enfoque de dereitos, sustentabilidade e mestura social, Viena tense convertido en referente internacional fronte a financiación e a especulación.

Como foi isto posible? Respóndenos a entrevistada:

“Todo parte dunha decisión política do partido socialista que gañou as eleccións democráticas en Viena despois da Primeira Guerra Mundial, impulsando un ambicioso programa de transformación social: a chamada Viena Roxa.

A vivenda foi un dos piares, orixe do actual parque de vivendas públicas. En Viena seguimos entendendo a vivenda coma un dereito social e non coma un beneficio especulativo. Está así recollido na Constitución austríaca que obriga ao Estado a garantir o acceso a vivenda. O Estado debe devolver instrumentos sólidos, finanzas e recursos. Temos un sistema robusto cun 25% da vivendas do País xestionadas por entidades sen ánimo de lucro e un modelo de financiación que garante que sempre estea entrando diñeiro fresco no sistema mediante un imposto: empresarios e empregados aportan un 0.5% dos seus ingresos brutos a un fondo específico. Iso vai directamente aos orzamentos da vivenda de todo o Estado. Só en Viena

isto supón uns 300 millóns de euros anuais para renovar, construír, axudar as persoas necesitadas, adquirir terreos e crear modelos de financiación moi estables, fiables e a longo prazo. Obviamente deses cuartos non se pode obter beneficios. Calquera tipo de beneficio ten que ser reinvestido no sistema de vivendas.

Claro que para os máis mozos, atopar vivendas a prezos accesibles pode ser un reto, sobre todo aquí en Viena, pero como existe un sector público cooperativo moi forte, isto supón que os dous terzos da poboación da cidade vive nalgún tipo de vivenda protexida, social e accesible. Así se moderan os prezos do mercado.”

Que mecanismos empregou Viena para manter os prezos baixo control?

“Este é un problema do solo edificable. Iso fai que a súa xestión sexa crucial. En Viena en vez de vender ofertamos contratos de aluguer por 99 anos. Así mantemos o control público. Tamén dispoñemos dunha lei que esixe que toda nova urbanización ten que destinar os dous terzos a vivenda subvencionada. Tamén temos un fondo de vivenda polo que distribuímos diñeiro aos que estean construíndo vivendas novas, como o sector cooperativo. Claro que existe a opción de traballar con sectores privados pero sempre baixo as nosas condicións. Non van adquirir grandes extensións de terreo porque a lei de zonificación está nas nosas mans. Contamos cun conxunto de instrumentos que nos dan amplos poderes para regular o mercado.”

Como abordar o fenómeno Airbnb e o

turismo intensivo?

“Somos unha cidade de inquilinos. O 75% dos vieneses vive en vivendas de aluguer. A súa maior parte son vivendas municipais e cooperativas. Logo están, por suposto, as vivendas en propiedade ocupadas polos seus propietarios. Tivemos problemas con Airbnb como calquera outra cidade porque somos atractivos para os turistas. Por iso somos moi estritos. Airbnb está regulado: hai zonas onde non se permite, esíxese rexistro, páganse impostos. Sen vivendas públicas ou cooperativas está totalmente prohibido. Existe fraude nalgúns casos pero temos inspeccións constantes e esíxense devolucións cando é necesario. Airbnb comezou coma un modelo para competir pero hoxe é un modelo de negocio que pode prexudicar á cidade. Debe ser regulado.”

Porcentaxe de ingresos para alugar unha vivenda?

“No parque municipal os alugueres están regulados por lei; sitúanse arredor dos 6,60 euros por metro cadrado. Cun salario medio de entre 1.800 e 1.900 euros mensuais en 14 pagas é un coste asumible para a maioría. En Austria dedícase ao pago da vivenda arredor do 20% dos ingresos. Para os que teñan dificultades, persoas con pensións baixas, ingresos inestables ou situacións vulnerables existen axudas individualizadas. O sistema está deseñado para asegurar que incluso os que teñan ingresos moi baixos poidan acceder e manterse nunha vivenda digna. En calquera caso debemos garantir que os

alugueres se fixen de maneira que as persoas poidan pagalos. En Viena arredor de medio millón de persoas viven en vivendas municipais, o que equivale a unha cuarta parte da poboación da cidade. Grazas a esa ampla cobertura, a maioría non necesita recorrer a axudas adicionais.”

Está en perigo o modelo vienés polas presións do mercado, as crisis ou as normativas europeas de competencia?

“Non. Este sistema existía antes da UE e goza dun amplo consenso social e político. Está avalado por leis, financiación estable e unha gobernanza sólida. Ademais a OCDE teno recomendado a outros países e recibimos cada ano máis de 150 delegacións internacionais interesadas en coñecerlo. A maior ameaza sería a financiación e o branqueo de capitais. Precisamos unha regularización europea que permita transparencia nas operacións inmobiliarias e que protexa as cidades fronte á especulación e aos fondos voíres.”

Que ferramentas poden usar outras cidades europeas para abordar este problema?

“Moitas teñen instrumentos útiles: leis de zonificación, regulación do uso ilegal, control de prezos, promoción de cooperativas. Algunhas poden establecer fondos rotatorios municipais, como fixemos nós. O importante é protexer o parque público e reinvestir beneficios no sistema. Tamén é clave declarar que o diñeiro debe permanecer no modelo. Si se venden vivendas públicas destrúese o patrimonio neto. E sen patrimonio non hai modelo que se sosteña.”

Nos últimos tempos estamos asistindo en España, a un cruce de descualificacións entre as forzas políticas sobre este tema, precisamente. Coñecen os nosos dirixentes o modelo vienés? É de supoñer que si; non podemos considerar aos nosos políticos tan ignorantes. Logo, por que non se poñen mans a obra para adaptalo ás nosas circunstancias? Que escuros intereses se agochan diante deste “non facer nada polo problema”?

Vostedes teñen a palabra e dentro de pouco tempo tamén terán nas súas mans a “papeleta para votar”. Poden facelo con V ou con B.

Saúdos e que o outono lles sexa propicio.



**Director:** Guillermo Rodríguez Fdez.  
T.658 58 50 49  
guillermo@novasdoeixoatlantico.com

**Edita:** Editorial NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO S.L.  
Avda. Sarmiento Rivera, 4-4ºD  
(36860 PONTEAREAS - GALIZA)  
T. 658 58 50 49 - x.foroapeneira@gmail.com

**Imprime:** Publicaciones Tameiga S.L.

**Publicidade:** Dpto. propio e axencias  
x.foroapeneira@gmail.com

**Deseño e maquetación:** Fran Eiró

**Colaboradores:** Roberto Mansilla Blanco, Montserrat Rodríguez, Anxo S. Porto Ucha, Raquel Vázquez, Carlos Méixome, Manuel X. Xiraldez, Fco. Puñal Suárez, X.A. Pérez Lema, Xosé González Martínez, Baldomero Iglésias (Mero), Nicolás Xamardo, Nemesio Barxa, Andrea Goro, Anxo Mena, Inma Otero Varela, Manso Preto, Isabel Varela.

**Depósito legal:** VG 226-2018

## PONTEAREAS

## “Transformación histórica” con 6,5M€ de Fondos FEDER

O Concello de Ponteareas obtivo unha subvención dos Fondos FEDER, por valor de 6,5 millóns de euros, que mobilizarán un investimento total de case 11 millóns a realizar antes do decembro de 2029.

Os proxectos financiados con estes fondos estarán entre os incluídos no Plan de Actuación Integrado (PAI) que presentou o Concello de Ponteareas, que sumaban un total de 15 millóns, e dos que os FEDER financiarán nun 60% o importe de proxectos por valor total de 11 millóns, cunha senda de financiación de 6,5M€. O restante 40%, 4,3M€, corresponden ao Concello con fondos propios e as aportacións da Deputación e da Xunta.

Entre os proxectos destaca a construción da nova biblioteca pública municipal na actual praza de abastos e a mellora da súa contorna, para o que se reservan 6 millóns de euros, a ampliación



e renovación do Museo e a mellora da Praza de Bugallal con pérgolas de sombreado.

O PAI tamén contempla a construción de centros de día e socioculturais en Guláns, Padróns, Pías e Xinzo (3.000.000€); a ampliación do centro ASPRODICO e sede do servizo de Atención Temperá (600.000€) e a rehabilitación do edificio de servizos sociais da

rúa Oriente (600.000€).

No eido da modernización e transformación dixital destínase 450.000€ á solucións TICs; 325.000€ á domotización e sensorización de vivendas así como asistentes de voz en fogares de maiores que vivan só no rural e outros 325.000€ á dixitalización do mercado municipal facéndoo máis competitivo.

## Un outono de espectáculos con “Tea Trea”

O Ciclo de Teatro Aficionado “Tea Trea 2025” presentará do 5 de outubro ao 22 de novembro no auditorio municipal Reveriano Soutullo diversas pezas de oito grupos procedentes de diferentes parroquias, abarcando xéneros que van desde a comedia clásica ata o drama contemporáneo.

Os grupos de teatro “Pena do Equilibrio”, “Noite Meiga”, “A Comuna”, “Pedra do Cabalo”, “Bambolina33”, “Todos xuntos”, “Os Serodios” e “Ponte Caneiro” su-



birán ao escenario o domingo 5 de outubro, o 12 de outubro, o 19 de outubro, o 26 de outubro,

o 2 de novembro, o sábado 8 de novembro, o domingo 9 e o 22 de novembro.

## Total seguridade na praia da Freixa

A praia da Freixa pecha a tempada estival con boa nota, como o demostra o informe de Axencia Galega de Emerxencias (AXEGA) no que tan só se reseñan incidencia leves e ningunha maior. Segundo explicou o tenente de Alcaldesa, Juan Carlos Carrera, ao longo de case tres meses o Concello dispuxo de servizo de socorrismo na praia da Freixa para velar pola seguridade. Ofreceuse ade-



mais unha cadeira anfibia para que as persoas con dificultades motrices poidan empregala.

## Once novos cursos na UNED




UNED Ponteareas ofrece 11 novos cursos de formación en ioga, superación do duelo, expresión corporal, lingua de signos española, patronaxe e confección industrial, arquitectura efémera, ini-

ciación ao teatro e de creación de personaxes ou ganchillo, incluíndo matriculación nos cursos UNED Senior para maiores de 55 anos. No seu primeiro ano de funcionamento a UNED formou a máis de 2.000 persoas.

## Falece a ex concelleira Isabel González

A ex concelleira polo PP Isabel González faleceu este 30 de setembro á idade de 49 anos, a causa dunha enfermidade. González foi edil de Facenda durante o goberno municipal de Salvador Solla (2004-2015).



## CONDADO/PARADANTA

## PONTEAREAS

# Conflito aberto entre o Comité do SAF Ponteareas e a empresa concesionaria

**Seguirán coa folga indefinida. Convocaron a unha manifestación este 16 de outubro**

Por Roberto Mansilla Blanco  
As traballadoras do Servizo de Axuda no Fogar (SAF) de Ponteareas continuarán coa folga indefinida iniciada o 26 de setembro, con manifestacións diante do Concello e “rebetando os plenos” co obxectivo de reclamar á alcaldesa Nava Castro que rescinda o contrato coa empresa concesionaria onubense Óbolo.

“Non pararemos ata que Óbolo marche de Ponteareas”, indicou vía telefónica a este xornal Digna Cardoso, unha das cinco representantes das traballadoras do SAF. As afectadas deixaron claro que “non cobramos o que temos que cobrar e cando cobramos, cobramos tarde”. Anunciaron que convocan a unha manifestación para este xoves 16 de outubro ás 18:30 horas.

**Para o goberno municipal hai “normalización” do servizo**

Este 10 de outubro, o concelleiro Represas compareceu ante os medios para “explicar a situación co SAF” na que informou de “importantes avances acadados nas últimas semanas para normalizar a situación”.

Tras denunciar a “desinformación intencionada difundida por persoas con intereses políticos”, Represas destacou avances como a regularización das nóminas e das cotizacións á Seguridade Social; a implantación dun sistema tecnolóxico de xestión do servizo, coa entrega de teléfonos móbiles e de tablets para mellorar a coordinación; a normalización no subministro de material hixiénico,

roupa e papelería, con provedores locais e stock de seguridade garantido; a contratación de novo persoal para reforzar o servizo; a activación dos servizos de fisioterapia e podoloxía; e a entrega progresiva dos Programas Individuais de Atención (PIA), que quedarán integrados no novo sistema informático.

Así mesmo, Represas informou da realización dun Pleno extraordinario convocado para o 14 de outubro que abordará tres puntos clave: aceptar a baixa voluntaria da empresa concesionaria, se así o solicita; iniciar expediente sancionador se procede; e contratar unha nova empresa no caso de rescisión do contrato.

Dende o SAF, Cardoso respondeu cualificando de “mentiras” esas afirmacións dende o Concello e que están “asustados” pola folga indefinida.

Un día antes, o 9 de outubro celebrouse unha xuntanza entre as traballadoras do SAF, o concelleiro de Economía e Facenda, Francisco Jesús Represas Carrera e a empresa Óbolo sen concretarse avances. As traballadoras mantiveron a súa posición de seguir adiante coa folga indefinida. Cardoso afirmou que lle responderon a Represas que non entenden “o afán do Concello por salvar a Óbolo e non defender ás traballadoras”, argumentando que sospeitan que hai “portas xiratorias” entre o Concello e Óbolo.

Con anterioridade, o 3 de outubro, as traballadoras do SAF tiveron unha xuntanza telemática



con Óbolo na que, segundo asegurou Cardoso, “a empresa insistiu en que non se irá de Ponteareas”. Posteriormente tiveron outra xuntanza presencial co concelleiro Represas, sen avances significativos.

**Un conflito que ten “rebetado” os plenos municipais**

A comezos de setembro, o Concello informou da renovación do acordo coa empresa Óbolo, vixente dende abril pasado, para poñer en marcha, a partir do 1 de outubro, un programa piloto de incentivos económicos dirixido ao persoal deste servizo.

Entre estes incentivos destacan unha retribución adicional de ata 118€ mensuais por prestación do servizo así como o subministro de móbiles para “mellorar a organización do traballo” e que serían entregados como data máxima o 15 de outubro. As traballadoras do SAF anunciaron que rexeitaban este acordo sobre pluses de produtividade e novos móbiles para mellorar “a comunicación”. Insistiron en que “seguiremos coa folga indefinida e rebetando os plenos ata que teñamos unha solución”.

O pasado 3 de outubro realizouse un pleno extraordinario ur-

xente que foi finalmente suspendido debido a que, segundo indicaron as traballadoras do SAF así como se describe desde os comunicados dos partidos da oposición, se lles negou a entrada. “Tiveron que chamar á Garda Civil e Policía Local para sacarnos e pechar a porta”, explicou Cardoso non sen antes asegurar que “logramos rebentar o pleno”.

Ese mesmo día, o Concello emitiu un comunicado no que “lamentaba profundamente o acontecido no pleno” que “ante a persistencia das actitudes de violencia verbal e as continuas alteracións da orde obrigaron a facer un receso”. O comunicado explicaba que o Concello esixiu á empresa que “nun prazo máximo de 48 horas corrixa os erros detectados nas nóminas e nun prazo de 15 días regularice o resto das cuestións pendentes”, informando do acordo para realizar un pleno extraordinario o martes 14 de outubro cun punto específico sobre este tema.

Tres días antes, o 30 de setembro, o pleno que presentou unha moción conxunta por parte da oposición (BNG, PSdeG-PSOE e PeC) de apoio ás demandas das traballadoras do SAF (presentes

tamén no pleno) debeu suspenderse subitamente. Por outra banda, Óbolo informou da sanción a seis traballadoras auxiliares do SAF por presuntamente non cumprir cos servizos mínimos.

“Non pararemos ata ter un papel asinado polo Concello que confirme que Óbolo marcha de Ponteareas” explicou Cardoso a este xornal vía telefónica. Segundo indicou, esta empresa recibe 2M€ anuais do Concello pero denunciaron que, a pesar deses recursos, vense desasistidas. Con anterioridade, a representación legal das traballadoras do SAF denunciaron igualmente a súa situación ante Inspección de Servizos Sociais da Xunta de Galicia.

**Piden a municipalización do SAF**

PSOE, Ponteareas en Común (PeC) e BNG reiteraron a súa posición común de apoiar a folga indefinida para obrigarlle a rescindir o contrato coa empresa Óbolo e a municipalización do SAF baixo xestión directa do Concello. As traballadoras do SAF tamén apoian a municipalización deste servizo: “que o Concello se faga cargo do SAF e que probe a municipalizar este servizo”, explicou Cardoso a este xornal.

**TRIFOLIUM INGENIEROS**

Gestiones catastrales  
Mediciones  
Inventario de bienes  
Partición de herencias-Sucesiones  
Informes periciales  
Proyectos agrícolas y ganaderos

653 047 430 - 886 216 505  
C/ Alcalde Daniel Ojea, 10 Bj. Ponteareas

**mariquita mimosa**

Ropa infantil  
Bordados  
Confección a medida  
Servicio de tintorería

CICLISTA EMILIO RODRÍGUEZ, 6  
PONTEAREAS  
mariquitamimosa@hotmail.com  
986 182 659 - 656 860 074

**papelón con LIMÓN**  
BRUNCH & BAR

BRUNCH  
TOSTAS  
TAPAS  
AREPAS  
BURGERS

Rúa Reveriano Soutullo, 7  
36860 Ponteareas, Pontevedra  
www.papelonconlimon.es  
623 530 294

## PONTEAREAS

## A mocidade pide a paz para Palestina

Os IES Pedra da Auga e do Barral de Ponteareas xuntáronse na praza de Bugallal para celebrar o Día Internacional/Mundial da Paz e denunciar o homicidio que Israel está a perpetrar en Palestina a través de manifestos, recitais de poemas, entre eles, “O xogo de pillar” de Alfonso Pexegueiro, música e ducias de bandeiras palestinas.

O evento serviu para sensibilizar sobre os máis de 40 conflitos bélicos que hai agora mesmo activos no mundo, de acordo aos datos da Escola de Pau da Universitat Autònoma de Barcelona. Tal e como o seu propio manifesto



dicía “os datos oficiais din que foron asasinadas en Gaza máis de 60.000 persoas nos últimos dous anos. Tendo en conta que máis do 30% da poboación pa-

lestina é menor de 14 anos, estimábase que máis de 20.000 nenos e nenas levan sido asasinados dende outubro de 2023; 1 cada hora.

## Alertan sobre suba da taxa de lixo na Freixa



BNG acusou ao goberno de Nava Castro de pretender unha nova suba desproporcionada na taxa do lixo para a veciñanza do barrio da Freixa. Actualmente, esta zona paga a tarifa de lixo rural, xa que non reciben o servizo ur-

bano diario de recollida. Os nacionalistas ponteareáns denunciaron que “as vivendas do rural, que pagaban 46,90€ pola taxa do lixo, xa pagan agora 86,77€. Agora, pretenden que na Freixa se paguen 154,27€, o que supón un aumento dun 230%”.

## Eficiencia enerxética no CRA A Picaraña

O Concello realizou obras de eficiencia enerxética nas aulas do CRA A Picaraña en Xinzo, Portela e Parada tales como a substitución da carpintería de aluminio. No verán o Concello tamén transformou a vella casa do conserxe do CEIP As Veigas nunha aula para alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.



## Nova edición do “Pinchotea”

Do 24 de outubro ao 9 de novembro, o Concello organiza unha nova edición de “Pinchotea 2025”, o roteiro de petiscos que busca dinamizar a hostalería local e poñer en valor a riqueza culinaria da vila. O roteiro ofrecerá os seus petiscos especiais a un prezo popular que non superará os tres euros, os xoves, venres e sábado en horario de 19:00 a 23:00 horas e os domingo en sesión vermú de 11:00 a 14:30 horas.

O concurso conta coa colabo-



ración de Cafes Donoso, Cooperativa do Requeixo das Neves, Cuatro Parroquias, Elena Pérez,

Espazo Termal Teáns Salvaterra de Miño, Estrella Galicia, Froiz, Gadis, Reyvi e Si Radio.

## BNG: “Nava Castro é cómplice por non condenar a masacre en Gaza”

BNG vén de denunciar a negativa da alcaldesa Nava Castro e do seu goberno tripartito a sumarse a condenar a masacre do pobo palestino promovida pola FEGAMP. Acusan directamente a rexedora de “cómplice do xenocidio que Israel está a cometer contra o pobo palestino”, ao manterse en silencio e rexeitar a solidariedade coas vítimas de Gaza.

A FEGAMP promoveu 19 accións en todos os Concellos como símbolo de condena enérxica a situacións como a que se vive en Palestina. O BNG lembrou ademais que en Ponteareas existe dende hai dous anos un acordo plenario aprobado por unanimidade, que manifesta a solidariedade institucional coa causa palestina e que Castro “négase visibilizar”.

## Máis mobilizacións pola N-120

O voceiro da Plataforma pola mellora da N-120, Luís Campos, reuniuse cos representantes do Concello de Ponteareas, os voceiros municipais de todos os grupos políticos, o Club Ciclista de Ponteareas, e entidades sociais como ‘Adapta’ para acelerar as mobilizacións cidadás en pro da

seguridade viaria así como manter a presión sobre o Ministerio de Transportes a fin de que atendan as súas reclamacións sobre unha solución definitiva. Outros colectivos como a asociación de moteiros ‘A M Los Wilson’s’, clubs de ciclismo e de fútbol base tamén foron convidados a respaldar esta iniciativa.



Construción en xeral - Reformas - Cantería - Panel sandwich

Vera, 24. San Mateo - 36862 PONTEAREAS. Telf: 664 193 533 - 608 175 675

fiosanconstruccion@gmail.com



Abrimos todos os días de 12 a 23:59h

Praza Maior, 19 baixo PONTEAREAS

Non pechamos cocina



Alquiler de CAMPERS y AUTOCARAVANAS

667 40 19 07

www.pontecamper.com

## CONDADO/PARADANTA

Entrevista de Guillermo Rodríguez Fernández

Enrique González Pedreira, "Quiño" | Presidente Sociedade Deportiva Juvenil de Ponteareas

# "Pouco a pouco estamos lavando a imaxe do Juvenil"

Enrique González Pedreira, "Quiño" asumiu no verán de 2024 a presidencia da Sociedade Deportiva Juvenil de Ponteareas. O club, que transita por unha complicada situación económica e de demandas xudiciais, está actualmente no Grupo 2 da División Preferente de Fútbol Galego.

## Despois dun ano como Presidente do club Juvenil de Ponteareas, que balance de xestión pode facer?

Tendo en conta a situación na que collimos o club fai un ano, cando este estaba abocado á desaparición debido a unha situación económica crítica; penso que a xestión está sendo boa a nivel xeral. Estamos no camiño correcto para limpar as supostas débedas que arrastraba o Juvenil cando esta nova Xunta Directiva asumiu o seu mandato. A pesar de ser moi complicado, pouco a pouco e con moito esforzo imos afrontando as consecuencias de asumir a dirección dun club que non tiña futuro.

A nivel deportivo, penso que o ano pasado fíxose unha tempada notable a pesar de que nos descendesen, xa que as condicións

para formar a plantilla foron totalmente adversas. Partimos dun plantel, a día 15 de xullo de 2024, sen xogadores nin corpo técnico. Ningún xogador do pobo nin de arredores quería sentarse a falar con nós, a xente falaba "pestes" do club e finalmente moitas das fichaxes foron a última hora, recorrendo a moito xogador de fóra que non coñecía a categoría e dándose así un continuo vaivén de caras no plantel. Toda a mala fama dunha xestión nefasta a fumos pagando durante a tempada, á vez que pouco a pouco íamos lavando a imaxe do Juvenil.

## Como está a reclamación xudicial ante Competición e Disciplina?

Actualmente a reclamación atópase no Comité Galego de Xustiza Deportiva tras ser admitida a trámite, polo que estamos a esperas

da resolución por parte de dita Institución.

## Que expectativas ten o Juvenil de cara a presente tempada 2025/2026?

As expectativas son as mesmas que cando collemos o club fai un ano.

- Recuperar a masa social que sempre tivo o Juvenil e que acabou moi mermada con tan só 12 socios na tempada 2023-2024;

- Sanear o club no que ao ámbito económico se refire;

- Dar unha saída futbolística de bó nivel aos nenos da comarca que queiran seguir xogando ao fútbol;

- Ter dous equipos de maiores cunha gran porcentaxe de xente do pobo.

## Cal é o estado financeiro do club? Están resoltos os problemas coa anterior Directiva?



## "O estado financeiro do club é crítico, como leva sendo moitos anos"

O estado financeiro do club é crítico, como leva sendo moitos anos. Unha gran cantidade de demandas por parte de xogadores, entrenadores, técnicos e empresas e mesmo un préstamo aínda por rematar de pagar herdado da anterior directiva. Aínda así, grazas a pequenas e grandes empresas do pobo seguimos tentando sobrevivir, ás cales aproveitamos para darlles as.

Facendo referencia á anterior directiva, debido á desatención de reiterados requerimentos que se lle fixeron para obter información relevante para o club en materia económica e financeira, o Juvenil está inmerso en numerosos procesos xudiciais.

## Existe apoio das institucións públicas: Concello, Deputación e Xunta?

Por parte da Deputación e da Xunta estamos a recibir o mesmo apoio que estas ofrecen ao resto

de clubs: subvencións e axudas xerais. Por parte do Concello o apoio está sendo maior, e a base de reunións e solicitudes pouco a pouco estamos a conseguir tamén melloras no campo, nunha instalación que queremos recordar é municipal e que se atopaba con numerosas deficiencias que estamos procurando mellorar.

## Que mensaxe querer transmitir aos socios e afeccionados?

A mensaxe é clara. A día de hoxe non podemos garantir a existencia do club durante as próximas tempadas debido a unha situación económica crítica derivada de varias decisións tomadas pola directiva anterior e sinaladamente polo seu presidente. A pesar disto, a actual Directiva traballa sen descanso nin outro beneficio máis que o común polo Juvenil para conseguir reverter a situación e salvar ao club da desaparición.



AREAL MADEIRAS

986 64 25 95 - 626 686 277

arealmadeiras@gmail.com

arealmadeiras.com

SOLUCIÓNS EN MADEIRAS E DERIVADOS



Puzo - San Mateo - Ponteareas

Teléf. 986 657 577 - Móvil, 639 817 090

Despachos:

Ponteareas - C/. Estrada, N.º 15 - Teléf. 986 660 951

Salvaterra de Miño

C/. Rosalía de Castro, s/n. - Teléf. 986 075 874

**GLITTER**  
 Tu tienda especializada en  
**PATINES**
ACCESORIOS, RECAMBIOS  
Y COMPLEMENTOS

MALLAS, BAÑADORES, DANZA, etc.

C/. Virgen de Los Remedios, 16

PONTEAREAS

glittercb2016@gmail.com

Tif. 986 17 78 63

645 38 96 68

## O PIE supera á media galega

A concelleira de Emprego Silvia Fernández Táboas indicou que un 68% das persoas participantes no II Programa Integrado de Empleo (PIE) ingresou no mercado laboral.

Este dato foi revelado durante o acto de clausura dos tres programas de emprego desenvolto polo Concello co apoio da Xunta este 2025, no que se entregaron os respectivos diplomas a 136 persoas participantes neste programa así como no obradoiro de



emprego dual "Val do Tea" e no programa de emprego "Compromiso Xuvenil". De acordo ao Concello, a inserción media acadada polos PIE nos últimos anos é dun 46%; Ponteareas supéaa nun 22%.

## Aprendizaxe a través de propostas lúdicas

O concelleiro de Ensino Ricardo González presentou ante as directivas dos centros educativos locais, a FANPO e as ANPAs a programación anual de actividades educativas e culturais na que a aprendizaxe vai da man con propostas lúdico educativas.

Son máis de 20 iniciativas variadas e organizadas por meses, dende obradoiros de teatro inmersivos como o proxecto internacional "Ocupación Miñota" coa AGADIC; visitas guiadas a exposicións de arte contemporánea como "Os Monos de Laxeiro"; a Feira das Ensinanzas Profesionais "Formatea; proxectos de educa-



ción ambiental como a "Seraogña 50 anos" en Artisteia, ademais de saídas ao campo e iniciativas de reciclaxe urbano; e seminarios sobre saúde e benestar, educación sexual, igualdade e seguridade

cidadá. As actividades desenvolveranse en espazos públicos, naturais ou culturais e nalgúns casos contarán ademais do alumnado coa participación das familias.

## Inaugurada exposición de Alfonso Pexegueiro

Organizada polo Concello, a exposición de debuxos "Lúa de mar. Liñas poéticas de Alfonso Pexegueiro" foi inaugurada na residencia Artisteia, dentro do programa de actividades "Seraogña, 50 anos" que conmemora a ópera prima do polifacético creador ponteareán nado en Angoares. Como fundador de Rompente, Pexegueiro liderou e compartiu cos artistas galegos de finais dos anos 1970 e década dos 1980 unha dinámica rexe-



nerativa e audaz das formas literaria e visual.

## 40.000€ para centros culturais



O tenente de Alcadesa Juan Carlos González Carrera anunciou que o Concello vén de conceder 40.000€ de subvencións de apoio á cultura destinadas a 19

casas e centros culturais do municipio para continuar con actividades de integración como cursos gratuítos dentro do programa deseñado pola Concellería de Cultura, festas e encontros.

**ELECTRICIDAD**

**BOUZA**  
ALFONSO Y DANIEL, S.L.

**ILUMINACIÓN**  
Instalaciones en general  
Reparaciones  
Instalación de sonido  
y telefonía interior

bouza@electricidadbouza.com

Rosalía de Castro, 7  
Telf. y fax: 986 641 565  
PONTEAREAS

**ALONG GROUP**

- Asesoría de empresas y autónomos.
- Herencias y tramitación de escrituras.
- Gestiones en Tráfico y Transporte.
- Servicios Inmobiliarios y tasaciones.
- Creación de empresas y asesoría de emprendedores.
- Tramitación ayudas y subvenciones.
- Asesoramiento Jurídico.

Avda. Rosalía de Castro, nº 7 (36860) Ponteareas - Pontevedra  
Tel: 886 155 341 / 698 190 794  
info@grupoolong.com www.grupoolong.com

**acero+**  
imprenta • publicidad • web

**A túa imprenta textil**

604 08 43 68  
PONTEAREAS  
www.aceroplusdigital.com

**La Giralda**  
ESTÉTICA & PELUQUERÍA

*Pasión por la Belleza*

C/ Castañal, 14 bajo- 36860 Ponteareas  
986 660 477 / 660 860 645  
peluquerialagiralda@hotmail.com

**milfollas**

LIBRERÍA - PRENSA - PAPELERÍA

986 66 79 13 - Carballos, 10 - Ponteareas  
milfollas@mundo-r.com

**viveiros canedo**

**CENTRO DE XARDINERÍA**

Rúa Real, s/n - N-120  
Km. 645,5  
Ponteareas - Pontevedra

Telf. 986 669 960  
info@viveiroscanedo.com  
www.viveiroscanedo.com

## OPINIÓN

Por Xoán Carlos Caballero

## Crónica dun reality show supremacista

Tras un casting, 20 patriotas españois foron recrutados para participar nun reality show único. Días despois, nun lugar calquera do inmenso Sahel, cadros dirixentes de organizacións como Vox, Partido Popular, Mepreokupa, Rexemento Nacional, Bastión Patriótico, Círculos Blas Piñar, Cruz Nacional Falangista e Movemento Sionista, foron arroxados dende un helicóptero coa misión de retornar á patria.

O periplo ía ser longo e perigoso, mais nada que non puidesen afrontar estes cruzados en defensa da raza e da cultura, dispostos a derramar a última gota de sangue por unha patria que, no seu delirio supremacista, se esfarela invadida de negros, amarelos, moros, sudacas, paquistanís e chineses... Todos, sen excepción, delinquentes e agresores sexuais que, tras esquilmar os seus países e violar as súas mulleres, veñen a España a sementar o caos. No estudio de televisión, os seus colegas serían os encargados de alentelos inxectándolle odio a modo de combustible pensando que lles daría forza suficiente para cruzar nadando o estreito, xa que fabelo en patera sería indigno.



Musculados, tatuados con simboloxía nacionalsocialista, prestos para a batalla e coa misión de chegar a un punto indeterminado da Península Ibérica, comezaron o ascenso en Burkina Faso. Coa valentía que os caracteriza cando van en manada, marcharon os primeiros días entre cánticos e o ondeo de bandeiras das distintas células ás que representaban. Pero non tardarían en comezar os problemas ao cruzar ilegalmente a Malí.

A Dani Mepreokupa e a catro membros do Rexemento Nacional capturounos unha organización de traficantes de órganos. Ningún deles chegou á meta, pero os que si conseguiron cruzar o estreito nun jet privado foron os seus corazóns, fígados, riles e pulmóns. A basura humana non pregunta se os órganos son dun negro ou dun magrebí cando merca vísceras. Ao fin e ao cabo, por dentro somos todos iguais.

Se nos desen a volta á pel, non quedaría rastro de raza.

A panda patriótica, asustada e reducida en número, continuou a marcha. Cruzar Mali e o seu clima extremo foi un inferno. Nun de tantos atracos a supermercados para conseguir alimento, catro membros da Fronte Patriótica e tres do Partido Popular, foron capturados por unha banda de mercenarios que subasta as súas presas en mercados de escravos para seren explotados nas minas de ouro. Deles nada se volveu a saber. Os oito restantes, entre os que se atopaban tres mulleres, conseguiron escapar. O escuadrón quedou reducido e, a partir de aquí, comezou o calvario.

Mentres, dende o estudo de televisión, os camaradas comezaban a sentirse incómodos vendo como dous líderes da Cruz Nacional Falangista, xemendo como cadeños famentos cando buscan a teta da súa nai, imploraban ao público ser nominados para abandonar a aventura.

A travesía ao longo de Mali foi humillante. A patria enteira foi testemuña de como, para sobrevivir, pelexaban entre eles por un anaco de pan. De como lle pedían alimento ás diferentes tribos coas que se ían atopando. De como nunha aldea berebere foron invitados a sentarse para cear ao redor dunha perola. De como o ansia por seguir vivos fixo que acabaran axeonllados rezando cara á Meca. De como prostituíron as tres compañeiras de Bastión

Patriótico para conseguir cartos e continuar a viaxe por Arxelia.

Xa en Marrocos a travesía complicouse aínda máis cando foron secuestrados por yihadistas. Os drones, que utilizaba o programa, captaron o momento no que os interceptaron mentres cruzaban un río. A pesares dos choros e as súplicas non evitaron os golpes e as patadas.

O cativerio durou catro días, os que lle levou a Perro Sánchez chegar a un acordo co Estado Islámico, logo de recibir un escrito que as organizacións políticas participantes no reality asinaron de forma conxunta para que este mediara na súa liberación.

Despois deste incidente, a organización do reality show decidiu suspender o concurso polo duro das condicións e o goberno español enviou o Falcon para traelos de novo á patria.

O recibimento dos líderes superviventes non foi glorioso nin o soñado por eles nin polos seus correligionarios. Foran alimentados por negros, alxerinos e marroquís. Durmíran nas súas casas. Acompañáronos en tramos complicados. Curáronlles as feridas, as queimaduras do sol e rezaron por eles. Aínda así, algúns berraron: “¡España cristiana, nunca musulmana!” “¡Moro bueno, moro muerto!”.



## 70.000€ para 26 comunidades de augas

A concelleira de Infraestruturas, Raquel Bautista, informou que o Concello de Ponteareas vén de conceder un total de 70.000€ en subvencións anuais destinadas a 26 comunidades de usuarios de augas de consumo. Estas axudas están dirixidas á limpeza e mantemento das captacións de auga, como fontes e pozos; mantemento dos sistemas de almacenamento e potabilización, incluíndo depósitos, filtración, decantación e cloración; conservación da rede de distribución; e xestión e control sanitario, en cumprimento das do



establecido no Sistema de Información Nacional de Augas de Consumo (SINAC) e os correspondentes protocolos sanitarios.

## “Outono en Son” en Ponteareas

A Agrupación Mistura Vocal e o Concello de Ponteareas realizaron este 4 de outubro no Auditorio Reveriano Soutullo a IX edición do Festival Coral “Outono en Son” onde

mais de 150 cantores sumáronse aos coros participantes: Pequeno Coro in crescendo, do Conservatorio Xan Viaño de Ferrol; e o Coro Gaos de A Coruña, dirixido por Fernando Briones.

## As zarzuelas de Soutullo e Vert na USC

Organizada pola Rede GALABRA, o Auditorio da Facultade de Filoloxía da Universidade de Santiago celebrou o pasado 1 de outubro unha mesa redonda, un relatorio e un

concerto de zarzuela con repertorio de artistas como Reveriano Soutullo e Vert. O concerto estivo a cargo de Livia Leal, soprano; Pablo Nieves, barítono; e Carmen Bargiela, pianista.

Servizos técnicos forestais  
e obra do rural



Azorín, 9 Estudio - 36860 PONTEAREAS  
Tlef. 986 078 071



## Plantas fotovoltaicas en pavillóns deportivos

Acompañado polos técnicos de Construelectric Systems Galicia, S.L., empresa adxudicataria das obras, o Alcalde da Cañiza, Luís Piña anunciou a finalización das obras de instalación das plantas fotovoltaicas para autoconsumo colectivo nos pavillóns deportivos da Cañiza e Valeixe.

Estas obras contaron cun investimento total de 72.727,41 €, dos que o 60% (43.636,45 €) foron subvencionados polo Instituto Enerxético de Galicia (INEGA), ao abeiro das axudas para proxectos



de enerxía fotovoltaica, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER).

## O Xamón da Cañiza na “Monção e Melgaço Granfondo 2025”

Este 21 de setembro celebrouse a 7ª edición da proba cicloturista internacional “Monção e Melgaço Granfondo”, un dos eventos ciclistas máis emblemáticos de Portugal e da Euro-Rexión Galicia-Norte de Portugal, que fixo parada na Cañiza, Salvaterra, As Neves, Arbo e Crecente, entre outros. Durante o seu paso pola Cañiza, o Alcalde Luís Piña e outros concelleiros agasallaron aos ciclistas cun gran avituallamento de



bocatas de xamón na Ponte das Achas, doados polos establecementos cañicenses Kenia, Paradanta, Resero, Pirri, Piri-Piri e Área de Servizo A Cañiza

## Sara Soto Domínguez, a memoria dun século

Anxo Serafín Porto Ucha  
Raquel Vázquez Ramil

Opasado 1 de outubro cumpriu cen anos Sara Soto Domínguez, de Guláns (Ponteareas), rodeada pola súa familia e por moitos veciños e veciñas que lle amosaron respecto e cariño.

Sara, cuxa vida recollemos no libro A forxa da memoria. Historia de vida de Sara Soto, publicado no 2015 pola editorial Novas do Eixo Atlántico, naceu o 1 de outubro de 1925 en Guláns, filla de Serafín Soto e de Balbina Domínguez. Foi a pequena de nove irmáns e a única que sobrevive. Serafín Soto era ferreiro e tiña o taller no lugar de Valiñas, xunto a casa familiar onde se criou Sara cos seus irmáns.

Naceu nos anos vinte, na Ditadura de Primo de Rivera, e foi á escola de nenas, onde aprendeu a ler, escribir e facer labores de agulla coas mestras Aurora Vidales

Tomé, de raizame ponteareá, e Acacia Barros del Álamo. A Sara gustáballe ir á escola, era lista e tiña moita memoria, e desa época quedoulle o afán por recitar poemas e cancións e por bordar delicados traballos en punto de cruz.

Cando estalou a guerra civil Sara, unha nena de pouco máis de dez anos, viviu con delicadeza a situación, pois seu irmán Xosé, ferreiro coma o pai, escondeuse no lugar para non ir á fronte. Os falanxistas de Ponteareas visitaban a casa de cando en vez, e Xosé agochábase no pozo; súa irmá Gloria, que traballaba na Cruz, avistaba aos “señoritos” e daba a voz de alarma. Como castigo, os pais de Sara estiveron presos un mes na vila, e a pequena Sara lles levaba todos os días a comida, camiñando descalza pola estrada de Guláns a Ponteareas.

Trala guerra chegaron outras penurias, pero pouco a pouco o mundo volveu xirar. Sara casou nos anos 50 con Antonio González,



de Mallaferro, labrador, e tivo catro fillos: Albino, Xosé, Martín e Fermín. Albino faleceu con so 15 anos, deixando á familia desolada. Outro golpe durísimo, perder un fillo prometedor, que Sara soportou con coraxe.

Sara Soto veu pasar reinos, repúblicas, ditaduras, democracias; enterrou seres queridos; perdeu moito e seguiu adiante; conserva a súa espléndida memoria, chea de versos e cancións, que foi o seu refuxio nos tempos de opresión. É para nós, para Guláns e para todos un exemplo de supervivencia e de integridade. Feliz aniversario, Sara.

## Piscina climatizada na Cañiza

OAlcalde Luís Piña visitou as instalacións da piscina climatizada trala finalización das obras de renovación cun investimento total de 232.672,85€, case na súa totalidade proveniente da Deputación de Pontevedra a través do II Plan Extraordinario de Infraestruturas Deportivas (PEID 2025). O contrato foi adxudicado á em-



presa MEDANCLI SL, por un importe de 212.758,20 €.

## Un cañicense, prata na Copa de España de taekwondo

Oadestrador e coordinador do Ximnasio Municipal da Cañiza, Fidel Rodríguez, obtivo a medalla de prata Master 3 na Iª Copa de España Kukkiwon de taekwondo tradicional celebrada en Poio o pasado 27 de setembro, evento que reuniu a 600 participantes.

En febreiro pasado, Rodríguez, con máis de 30 anos como profesional e cinturón negro 3º Dan, obtivo a medalla de bronce na categoría de Poomsae, Trío 4 masculino, no Campionato de



España por equipos celebrado en Alacante.

**Ferretería**

**Julio Pérez Giraldez**

Tel/Fax: 986 651 052  
Móvil: 606 361 558  
julioperezgiraldez@hotmail.com

C/ Progreso, 81  
36880 A CAÑIZA

**COMERCIAL AGRICOLA ANTONIO S.L.U.**

**REPARTO A DOMICILIO POR ENCARGO**

**POLLOS POR ENCARGO**

**DROGUERÍA**

**FERRETERÍA**

**JARDINERÍA**

**BEBIDAS**

**SULFATOS**

**INSECTICIDAS**

**BUTANO**

**VENTA DE PLANTAS**

**PUNTO DE VENTA**

**Blona**

**COMEROUCE Nº8 - MONDARIZ - T.:986 656 218 / 649 449 459**

**Carlos PELUQUERO**

Plaza de España, 2 - Mondariz  
Telf. 619 061 357

## CONDADO/PARADANTA

## Balneario homenaxea a Castelao

Con motivo do 75 aniversario do pasamento de Castelao, o Concello de Mondariz Balneario descubriu na praza anexa á Casa do Concello unha placa conmemorativa do histórico líder nacionalista galego. A homenaxe continuou na Sala de Cultura cunha es-

cenificación polo "Obradoiro de teatro para a Memoria de Mondariz Balneario", a conferencia de Miguel Anxo Seixas Seoane, presidente da Fundación Castelao, titulada "Castelao: arte e verdade", e o concerto do cantor Tino Baz.

## Luminarias na Fonte de Troncoso

A Deputación de Pontevedra a través do Plan Máis Provincia 2024 – Liña 1 concedeulle ao Concello de Mondariz Balneario a contía de 31.797,94€ "Eficiencia enerxética na luz pública na zona de Fonte de Troncoso", esta sub-

vención consiste en dotar de luz o paseo de troncoso xa que nestes momentos non existían luminarias. A execución material foi de 30.587,94€ e a redacción do proxecto técnico de 1210,00€

## Sumar levará a N-120 aos orzamentos estatais

A portavoz parlamentaria de Sumar, Verónica Barbero, e o secretario xeral de Movemento Sumar Galicia, Paulo Carlos López, participaron na xuntanza coa Plataforma pola Humanización da N-120 na que anunciaron que se comprometen a impulsar a inclusión dunha partida específica de case 3,5M€ nos or-

zamentos do Estado para a execución da obra de humanización da N-120.

Así mesmo, anunciaron o impulso dunha segunda partida orzamentaria, en conxunto con Alternativa por Mondariz destinada á construción do enlace de Lentille na autovía A-52, no Concello das Neves.

## Educación contra a violencia de xénero en Covelo

No marco Novo Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero, o Alcalde do Covelo, Pablo Castiello, e a concelleira Lourdes Enes fixeron entrega das axendas escolares do curso 2025/2026 ao alumnado do CEIP Antonio

Blanco Rodríguez, dentro do Proxecto de Sensibilización e Prevención en Violencia de Xénero: "10 meses, 10 propósitos", que foron elaboradas polos propios estudantes.

## "Mareas de coñecemento" do patrimonio románico

O Concello do Covelo e a UVigo puxeron en marcha o 25 de setembro o programa "Mareas de Coñecemento", para dar a coñecer o patrimonio románico municipal, neste caso visitando as ruínas da igrexa románica de Casteláns (século XII) e contemplando os arcos ornamentais nos xardíns do Gran Hotel de Mondariz Balneario. Elisa Pereira García profesora e arqueóloga do programa de maiores da Universidade de Vigo, foi a encargada de guiar a excursión.



## Portas abertas no Serradoiro dos Carranos

O Concello de Covelo, en colaboración coa Deputación de Pontevedra, organizou este 5 de outubro unha nova xornada de portas abertas no Serradoiro dos Carranos e na súa Aula da Natureza e do Patrimonio Etnográfico, situada en Maceira. Construído arredor de 1922, coincidindo coa posta en marcha da central hidráulica de Chicoreiros, o Serradoiro dos Carranos é un exemplo excepcional do aproveitamento da forza da auga como motor industrial.



## I Xornada de Enfermaría Rural

O Colexio Oficial de Enfermaría de Pontevedra (COEPO) organizará o 10 de outubro, en colaboración cos Concellos de Covelo e de Mondariz, a I Xornada de Enfermaría Rural no Auditorio Municipal de Covelo. Este encontro

práctico e participativo nace co obxectivo de visibilizar, recoñecer e potenciar o valor da enfermaría no ámbito rural, un sector no que as profesionais teñen un papel fundamental tanto na prevención como na atención directa á poboación.



**PfC Condado**

**TANATORIO ARBO**



**TANATORIO PONTEAREAS**



**TANATORIO TUI**



**TANATORIO TOMIÑO**



**+55**  
Pompas Fúnebres del Condado  
2000000000

*Gracias*

## O Porriño accede por primeira vez a Fondos FEDER, con 6,5M€

O Concello do Porriño obtivo por primeira vez unha subvención dos Fondos FEDER, por valor de 6,5 millóns de euros, que mobilizarán un investimento total de case 11 millóns ate decembro de 2029.

Os proxectos a acometer con estes fondos estarán entre os incluídos no Plan de Actuación Integrado (PAI) que presentou o Porriño, que sumaban un total de 15 millóns de investimentos, e dos que os FEDER financiarán nun 60% proxectos por valor de 11 millóns. Este plan contempla a transformación do espazo público de Torneiros, mellorando a seguridade e accesibilidade, soterrando a liña de alta tensión, potenciando a mobilidade sostible e creando eixes verdes. Tamén inclúe a mellora do Centro Multiusos de Torneiros e a implementación dun programa de Formación Dual en colaboración coas



empresas locais, ademais da creación dunha Aula Virtual para a inclusión dixital.

O proxecto contempla ademais a implantación dunha liña de transporte eléctrico municipal, a creación dunha app para a xestión do transporte público e a mellora da conectividade peonil entre Torneiros e O Porriño, así como a recuperación do patrimonio etnográfico do río Louro e a interven-

ción na súa contorna creando espazos naturais multifuncionais que reduzan o risco de inundación.

A dinamización cultural tamén é unha prioridade, polo que se propón a ampliación do Auditorio Municipal, a creación dunha nova sala de lectura e espazo TIC, a mellora dos espazos culturais e a adaptación da Rúa José Fernández López para fomentar a mobilidade peonil.

## Un “lifting” para a Praza de Abastos

O Concello do Porriño reuniuse cos praceiro/as da Praza de Abastos para explicarles o calendario de traballo e os detalles do proxecto de mellora e modernización do mercado municipal que, cun investimento de 400.000€, comezará a súas obras o vindeiro 20 de outubro.



Atendendo as demandas dos praceiro/as levarase a cabo unha modernización estética e funcional da praza de abastos, con melloras

en iluminación, accesibilidade, servizos e novas infraestruturas, incluíndo unha redistribución dos postos de peixería e froitería, así como a instalación de taquillas térmicas e catro novas cámaras de frío. As obras faranse por fases e os postos manteranse abertos, reubicándose temporalmente noutra zona.

## Cuño turístico para Correos

A través dunha iniciativa da Biblioteca Municipal, a Praza Arquitecto Antonio Palacios acolleu arredor de 200 escolares de 5o de Primaria dos distintos colexios do Porriño para

a presentación do primeiro cuño turístico da vila e a tarxeta postal de Correos en homenaxe a Antonio Palacios.

O cuño, que se conseguiu grazas á solicitude que realizou o

Concello do Porriño á Sociedade Estatal Correos e Telégrafos e o apoio da Sociedade Filatélica e Numismática Canguesa, está dispoñible dende na oficina de Correos do Porriño.

## BNG denuncia “inacción” sobre o asesinato de Teresa de Jesús

Os nacionalistas porriñeses criticaron a ausencia do Alcalde Alejandro Lorenzo do pleno municipal para “non dar explicacións sobre o asasinato de Teresa de Jesús”, a auxiliar do SAF do Porriño asasinada o pasado 29 de xullo mentres desenvolvía o seu traballo na parroquia de Atios.

Tras dous meses de inacción política, o pleno do Porriño por petición da oposición esixiulle



explicacións do sucedido ao alcalde, quen priorizou outros asuntos e abandonar o pleno sen escoitar as traballadoras que estaban no público asistente.

## Outono de actividades socioculturais

O Concello do Porriño inicia outubro cunha intensa programación de actividades formativas e de lecer da man de 19 asociacións veciñais e culturais, repartidas polas oito parroquias do municipio, con máis de 550 horas mensuais de cursos.

A programación abrangue actividades deportivas como ximnasia, pilates, zumba ou ioga, ata obradoiros de música tradicional (percusión, canto, pandeireta, acordeón, gaita, coro), pasando por clases de inglés,



costura, labores, corte e confección, pintura, restauración, traballos con coiro, teatro e arte floral, entre outras. O Concello inviste anualmente 50.000€ para o mantemento de actividades do seu tecido sociocultural.

## O Pan volve a ser o protagonista

A Praza Arquitecto Antonio Palacios acolleu este 11 de outubro, a VII edición da Feira do Pan do Porriño, unha cita xa consolidada no calendario gastronómico galego que combina tradición, cultura e turismo para degustar o auténtico Pan do Porriño, un produto con máis de catro séculos de historia. O evento foi organizado polo Concello en colaboración da Axencia Galega de Calidade Ali-



mentaria (AGACAL) e a Asociación de Panadeiros do Porriño.



## LOURIÑA

## En cero as facturas pendentes de pago

O Concello do Porriño acadou un fito histórico: xa hai rexistro oficial de ningunha factura pendente de pago. De acordo ao Alcalde Alejandro Lorenzo, as principais actuacións levadas a cabo polo goberno municipal centráronse na depuración contable, o control económico e a defensa xurídica, obtendo múltiples sentenzas firmes favorables, incluíndo do TSXG e do Tribunal Supremo, “que evitaron pagos indebidos por importe de 853.648,86€”.

Lorenzo explicou que “os distintos procedementos xudiciais amosaron un patrón común: facturas emitidas sen contrato válido,



ausencia de documentación acreditativa e mesmo servizos facturados que nunca chegaron a prestarse”. Isto repercutiu nunha acumulación de facturas pendentes de pago por un importe de case 5,5M€ cando Lorenzo asumiu a

Alcaldía en decembro de 2021. Polo momento a única débeda vixente do Concello é a correspondente ao préstamo estatal, de case 3M€, destinado ao pago de facturas herdadas, sen contrato e anteriores a 2022.

## BNG O Porriño: “O Alcalde lapidou 12M€”

Mediante comunicado, os nacionalistas porriñeses desmentiron o “triumfalismo” do Alcalde Alejandro Lorenzo sobre a realidade económica do Concello. O BNG indicou que dende que Lorenzo chegou á Alcaldía “dilapidou 12M€ e recorreu a diferentes préstamos bancarios por valor de 3M€” que “es-

tán a orixinar intereses por valor de 800.000 €”. Fíxose eco igualmente das informacións do Consello de Contas sobre o “incremento exponencial da débeda e un baleirado do remanente de tesourería”.

O BNG cuestionou o “gasto sen control en asuntos superfluos” como “o do Campo da Feira, Pío

XII ou o novo auditorio”, toda vez afirmou que Lorenzo aplica “a política de favores a persoas afíns á dirección do PP” a través de “contratos menores, a dedo, sen oferta pública”. Tamén desmentiu a narrativa de Lorenzo sobre a “situación económica de bancarota” cando chegou á Alcaldía en 2022.

## Rescindido contrato coa empresa do SAF

O Pleno do Concello de Mos aprobou a rescisión do contrato por mutuo acordo coa empresa Serveo, concesionaria do Servizo de Axuda no Fogar (SAF), ante a cantidade de reclamacións por deficiencias no seu servizo.

O contrato fora adxudicado en abril deste ano por 1,59M€ anuais. Non obstante, desde a súa posta en marcha comezaron a chegar queixas. De 87 persoas usuarias, 35 presentaron reclamación formal e 10 delas quedaron rexistradas oficialmente. Ademais, houbo cha-

madas continuas ao Concello e á concelleira de Política Social, Sara Cebreiro, denunciando deficiencias en materia de incumplimentos de horarios, organización do servizo, calidade da atención e tramitación das altas e baixas.

## O Porriño, “Camiño e Destino”

Con motivo da Festa do Peregrino e do Turista, o Concello celebrou este 20 de setembro unha xornada de visitas guiadas denominada “O Porriño: Camiño e destino” na Praza Arquitecto Antonio Palacios, co obxectivo de dar a coñecer e poñer en valor o papel turístico, cultural e peregrino do municipio a través do paso da ruta xacobeas especialmente do

Camiño Portugués. A xornada estivo amenizada con música a cargo de artistas o grupo de pandereteiras Alxibeiras de Pontearreas.

Segundo datos da Oficina do Peregrino de Santiago, no ano 2024 expedíronse 95.427 compostelas do Camiño Portugués, unha cifra superior á doutros exercicios.

## Curso de Atención Sociosanitaria

O Concello do Porriño vén de recibir unha subvención da Xunta por un importe de 52.332,75 euros para organizar un novo curso AFD (accións formativas para persoas desempregadas) co obxectivo de mellorar a cualificación profesional da veciñanza e facilitar así a súa inserción no mercado laboral. Esta formación céntrase na especialidade de Atención Sociosanitaria a persoas Depen-



dentes en Institucións Sociais, que acredita a capacitación profesional para traballar neste sector, un dos que máis demanda rexistra na actualidade.

## A punto as Galiñas Azuis e o Centro de Día

Un investimento total de 80.000€, o Concello do Porriño rematou as obras de mellora das dúas escolas infantís da rede Galiña Azul e o centro de día de Torneiros. O Alcalde Alejandro Lorenzo e a concelleira de Política Social, Teresa Veloso, visitaron as instalacións para comprobar as melloras en



seguridade, accesibilidade e climatización.

Máis información na nosa web  
[www.novasdoeixoatlantico.com](http://www.novasdoeixoatlantico.com)

### CENA FIN DE AÑO 2025

**MENÚ**

- Langosta cocida
- Centolla - Buey - Camarones
- Langostinos al vapor
- Vieiras a la marinera con jamón ibérico
- Sorbete de limón al cava
- Ternera gallega y cordero lechal al horno con guarnición

Tarta “Espíritu Navideño”  
 Helado con cookies de chocolate

**BEBIDAS**

- Alvarinho Bouza do Rei
- Alma Atlántica espumoso rosado
- Ramón Bilbao Crianza
- Cillar de Silos Crianza espumoso

**RESERVA también tu CENA de EMPRESA**

**PLAZAS LIMITADAS!**

**Manolo RESTAURANTE**

Barra libre  
 La mejor animación con:  
 “Jano Méndez” & “Disco Events Music”  
 Cotillón y Uvas de la suerte  
 Chocolate con churros de madrugada

**Precio con IVA: 145 euros**  
 Comienzo de la cena a las 21:00 h  
 Teléfono de reservas:  
 986 333 404 - 986 344 141 - 666 595 983

**JANO MENDEZ Eventos**

## Irmandamento entre Mos e Pezinok

**A**lcaldesa do Concello de Mos, Nidia Arévalo, viaxou á cidade de Pezinok, en Eslovaquia, para avanzar institucionalmente no irmandamento oficial entre ámbolos municipios así como visitar a planta de produción do Grupo Copo, unha das empresas con sede en Mos e con importante proxección internacional.

Arévalo reuniuse co alcalde Roman Mács, para asinar o Memorando de Colaboración e Cooperación Mutua, un marco de cooperación permanente e multidiscipli-



plinar e paso previo formal cara ao irmandamento, que será sometido á súa aprobación definitiva no Pleno do Concello, cumprindo cos requisitos establecidos pola FEMP. Entre os compromisos establecidos no memorando están a o deseño e execución de proxectos europeos conxuntos; intercambio cultural, deportivo e educativo; promoción do turismo sostible e da tradición vitivinícola compartida; cooperación empresarial; boas prácticas en gobernanza; e presenza no Harvest Festival de Pezinok, entre outros.

## Plan Extra e +Provincia para Mos

**O** presidente da Deputación de Pontevedra, Luís López, asinou o convenio de colaboración co alcaldesa de Mos, Nidia Arévalo, para a humanización da estrada que une as parroquias de Pereiras e Tameiga. Un acordo asinado no marco do Plan Extra que se ampliará con 2,15M€ a través de programas do servizo de Cooperación como o Plan +Provincia e o Plan Extraordinario de Infraestruturas Deportivas.

### Reunión en San Antoño

Por outra banda, o Concello de Mos acolleu unha nova reunión



informativa sobre a conexión ao saneamento da urbanización de San Antoño, na parroquia de Louredo, na que participaron re-

presentantes da Comunidade de Propietarios de San Antoño, o Consorcio de Augas do Louro e Augas de Galicia.

## Unidade policial sobre violencia de xénero

**A** Policía Local de Mos vén de poñer en marcha a súa unidade especializada en violencia de xénero, que xa está a ofrecer seguimento e protección ás dúas primeiras vítimas asignadas a través do sistema VioGén.

A unidade está coordinada polo actual xefe en funcións da Policía Local de Mos Víctor Diz e integrada por dous axentes máis. O seu



labor céntrase na atención e seguimento das vítimas derivadas a través da coordinación coa Garda Civil, reforzando así a cobertura e a proximidade na resposta. Ademais, traballa en conexión directa co Centro de Información á Muller (CIM) de Mos, co obxectivo de garantir unha atención integral que combine a protección policial coa atención psicolóxica, xurídica e social.

## Juan Ferrón subcampión no Mundial de Natación

**O** nadador paralímpico Juan Ferrón, pertencente ao Club Natación Mos, proclamouse subcampión do mundo con España de 4x100 estilos mixto no Campionato do Mundo disputado en Singapur. Malia arrastrar unha lesión no peristio dunha costela nas últimas semanas, na súa posta de 100 metros bolboreta, Juan fixo un tempo de 59.76 segundos, clave para manter a España en



posición de podio. Ademais, competiu tamén na proba individual de 100 m. bolboreta S12, onde finalizou quinto

## Saneamento do Camiño de Torroeira



**A** conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático, Ángeles Vázquez, e a Alcaldesa de Mos, Nidia Arévalo, asinaron un convenio de colaboración para a execución da futura rede de saneamento do camiño da Torroeira, na parroquia de Louredo, unha actuación para a que Augas de Galicia e o Concello destinarán un total de 125.448,4€.

O proxecto beneficiará a un total de 12 vivendas localizadas nesta zona e unha poboación beneficiada estimada de 48 habitantes. A nivel técnico, a actuación proxectada no camiño da Torroeira funcionará por gravidade ata a súa conexión co pozo existente próximo á estrada N-550 e compoñeráse dun só ramal de aproximadamente 280 metros de lonxitude.

## Humanización en Pereiras

**A** alcaldesa de Mos, Nidia Arévalo visitou o inicio das obras de humanización da contorna da Igrexa de San Miguel de Pereiras, financiadas integramente pola Xunta cun investimento de 399.000€ (IVE incluído).

A actuación sitúase nun espazo protexido pola súa riqueza patrimonial, xa que se atopa ao pé da igrexa parroquial de 1788



e do Castro de Pereiras. A maiores desenvolverase un proxecto global que inclúe a parroquia de Pereiras e que suporá un investimento total de 1,2M€ ata 2026.

**Óptica mahen**  
mahen OPTICENTRO Ópticos desde 1939

Nº Reg. Sanitario E-36-000038  
**PONTEAREAS**  
rúa senén canido, 4

**forjados  
hinos. duran s.l.**

[www.forjadosduran.com](http://www.forjadosduran.com)

## LOURINHA

## Iniciativa pioneira na cardioprotección do rural en Salceda de Caselas

O concello de Salceda vén de por en marcha unha iniciativa pioneira que consiste na cardioprotección integral do municipio mediante unha rede de 17 desfibriladores de uso público situados tanto en diferentes edificios municipais como nas diferentes parroquias.

A iniciativa xurdiu a raíz dun delicado episodio que motivou á rápida intervención das testemuñas que o presenciaron empregando un DESA municipal (Desfibrilador Externo Semi-Automático) e realizando manobras de Reani-



mación Cardio-Pulmonar (RCP) O Concello tamén impulsa o programa ESTELA en honra a Estela Simón, médica e veciña de Salceda, para formación en primeiros auxilios e manexo de DESA.

## Un curso 2025-26 de benestar emocional en O Porriño

A concelleira de Educación e Igualdade, Carolina González, e a concelleira de Sanidade, Teresa Veloso, mantiveron unha reunión cos equipos directivos dos centros educativos do Porriño para presentar a oferta de actividades para o curso 2025-2026, que teñen como eixe principal o benestar emocional e a prevención de problemáticas sociais e de saúde.

As actividades programadas inclúen a práctica do inglés, talleres



para a calma e a relaxación, visitas á Casa Consistorial e ao parque de bombeiros, así como unha exhibición das forzas de

seguridade. Neste curso destaca a incorporación de talleres afectivo-sociais e sexuais, unha demanda expresada polos centros.

## Parcela para ampliar a Praza da Devesa



Alcaldesa de Salceda, Loli Castiñeira, vén de asinar ante notario a compra da parcela por 80.000€ existente no entorno da Praza da Devesa que o equipo de goberno decidiu financiar integramente con cargo

ao Plan Máis Provincia 2025 da Deputación de Pontevedra.

Trátase dunha parcela de 1.248 m2 lindeira coa actual Praza da Devesa que actualmente estaba utilizándose como aparcamento disuasorio.

## “Mos Decide” orzamentos participativos

Co obxectivo de fomentar a transparencia, o goberno local porá en marcha un proceso piloto “Mos Decide” de Orzamentos Participativos de cara ás contas municipais de 2026. Segundo fon-

tes do Concello, o orzamento municipal de Mos alcanzou este ano os 14.965.773€, o maior da súa historia, cun remanente de Tesourería positivo de máis dun millón de euros e unha estabilidade orzamentaria de 3.443.454€.

Máis información na nosa web  
[www.novasdoeixoatlantico.com](http://www.novasdoeixoatlantico.com)

**¡ROMPEMOS LOS PRECIOS!  
MEJORAMOS EL PRECIO  
DE TUS SEGUROS**

**ENVÍANOS UN WHATSAPP Y  
TE ENVIAMOS PRESUPUESTO  
SIN COMPROMISO**

**633 60 12 57**

Rúa do Pinar, nº13, Bajo B, O Porriño  
986 33 14 50  
633 60 12 57  
jose Luis Bugarin@agencia.aaa.es  
segurosbugarin@gmail.com

**ORGASERCO, S.L.**  
ORGANIZACIÓN E ASESORAMENTO  
DE EMPRESAS

**José Abrales Amil  
Economista**

Avda. de Galicia, 13 Portal 3 Ofic. E 36400 - O Porriño (Pontevedra)  
Telf. 986 33 82 90 - Fax 986 34 43 87  
abraldes@orgaserco.es

**NL**  
**Hnos. Núñez Lorenzo, s.l.**  
CORREDURIA DE SEGUROS  
carlos@hnos-nunez.com

**ASEFISLA**  
SALCEDA S.L.  
ASESORÍA INTEGRAL DE EMPRESAS  
paulo@asefisla.com

**Salceda de Caselas.** Pz. Concello, 14  
986 349 075 - 986 347 391 - 660 112 136  
**Salvaterra de Miño.** Rúa Galicia, 14  
986 658 245 - 986 659 267 - 629 587 358  
**Tui.** Travesía Foxo, 4  
986 601 539 - 609 765 228  
**Vigo.** Avda. Gregorio Espino, 3  
986 265 000 - 608 333 992  
**O Porriño.** Avda. Galicia, 38  
986 339 787 - 615 381 878

## Servizo de Normalización Lingüística

O Concello de Salceda vén de poñer en marcha un novo servizo para a veciñanza: o Servizo de Normalización Lingüística, para o cal conta con unha subvención de 33.268,94 € da Deputación de Pontevedra.

Este servizo, que entrou en funcionamento o pasado 18 de agosto na planta baixa da Casa Consistorial, está dotado dunha técnica de normalización para asesorar e resolver dúbidas lingüísticas, mellorar a calidade lingüística e comunicativa da Ad-



ministración local, colaborar cos departamentos municipais, así como coas asociacións de Salceda.

Conta tamén co apoio do Concelleiro de Normalización Lingüística, Alex Rodríguez.

## En marcha o saneamento de Entenza

O Concello de Salceda vén de botar a andar as obras para dotar de saneamento a parroquia de Entenza a través dun investimento valorado en 875.000€ dentro do Plan Extra e +Provincia da Deputación, converténdose no Concello pioneiro en levar a cabo este investimento en materia de saneamento para 120 vivendas.

O inicio das obras contou coa presenza da Alcaldesa, Loli Castiñeira, do Deputado Provincial



Alejandro Lorenzo, o equipo de

poración, e a representante de Construcción Vale.

## 25 anos de Protección Civil

O Concello de Salceda acolleu unha nova xornada provincial das Agrupacións de Persoas Voluntarias de Protección Civil, que serviu ademais para conmemorar os 25 anos da fundación da Agrupación de Salceda.

Tras unha visita guiada ao Pazo Pegullal, que se completou con unha degustación dos produtos propios, o acto central do 25 aniversario celebrouse no Auditorio Municipal coa presenza de autoridades, entre as que se atopaban Benito Castro, Presidente



da Agrupación de Protección Civil de Salceda, Manuel Vicente, Vicepresidente da asociación provincial de agrupacións de protección civil, Santiago Villanueva, Director Xeral de Emerxencias e

Interior da Xunta de Galicia, e Loli Castiñeira, Alcaldesa de Salceda. No acto houbo momento para a lembranza das persoas xa falecidas que formaron parte da agrupación.

## Mellora de accesos no Centro de Servizos



O Concello de Salceda executa as obras para dotar de accesibilidade no primeiro andar do Centro de Servizos Sociais, inaugurado en 2020, a través dun investimento de 48.387,84€ no que participan a Xunta e a Deputación de Pontevedra.

A obra consiste fundamentalmente na instalación dun ele-

vador interior, así como na creación duns aseos adaptados no andar baixo do edificio. Actualmente a gran maioría dos servizos vense na obriga de desenvolverse na planta baixa, sendo o máis prexudicado o Servizo de Atención Temperá que atende a máis 85 nenas e nenos entre os 0 e 6 anos de idade, en moitos casos con problemas de mobilidade.

## II Gala do Deporte



O 14 de novembro terá lugar no Auditorio Municipal de Salceda a II Gala do Deporte, que porá en valor os logros deportivos das e os deportistas salcedenses nas últimas tempadas. Segundo a alcaldesa de Salceda, Loli Castiñeira, "a I Gala do Deporte ce-

lebrouse en 2018, e neste momento pareceunos apropiado recuperala, e comezar a celebrala con periodicidade bianual.

A financiación desta gala está incluída na liña 2 do Plan Máis Provincia da Deputación de Pontevedra, con un orzamento de 9.456,54 €.



# A memoria e a creatividade danse a man na illa de San Simón

Por Roberto Mansilla Blanco  
A exhibición durante o recente Festival de Cinema de San Sebastián do filme “San Simón” realizado polo director Miguel Ángel Delgado colocou á illa de San Simón (Redondela) na actualidade informativa, particularmente en materia de memoria histórica, tomando en conta a súa existencia como campo de concentración entre 1936 e 1943.

A comezos de setembro, o Goberno de España declarou a San Simón como Lugar de Memoria Democrática. Na illa de San Antón, separada de San Simón polo denominado “Ponte dos Namorados”, existe un Centro de Interpretación que permite conservar documentación histórica así como exhibir exposicións sobre o seu pasado histórico.

O acervo histórico da illa de San Simón ten longa data. O poeta medieval Mendiño lle dedicara versos nas súas cantigas toda vez templarios, franciscanos e be-

nedictinos tamén deixaron testemuña da súa presenza. O escritor francés Julio Verne escribía no seu clásico “Vinte mil leguas de viaxe submarino” a presunta existencia dun tesouro no galeón afundido fronte á illa trala batalla de Rande. En recoñecemento, Verne ten unha estatua fronte á illa no areal de Cesantes.

Pero San Simón é tamén punto de encontro para a creatividade, o pensamento, a arte e a reflexión. Nesta perspectiva, a Consellería de Cultura da Xunta de Galicia puxo en marcha a III edición da Residencia de Creación Literaria San Simón con especial énfase na produción literaria en galego e a conservación da respectiva propiedade intelectual.

Un total de 24 persoas estiveron na residencia Stella Maris da illa de San Simón, con estancias de tres quendas realizadas entre o 19 maio e o 19 de outubro, con períodos de estadía de entre unha semana como mínimo e unha quincena como máximo,



para traballar en diversos proxectos literarios, cinematográficos e de ensaio histórico. Entre eles estiveron creadores como Carlos Labraña, Jorge Coira, Araceli Gonda, Francisco Javier Fernández, Francisco Valeiras, Carlos Lixó, Nuria Díaz, Alba Tomé, Eire García, Sara Villar e Daniel Gutiérrez.

Ademais, entre o 30 de setembro e o 5 de outubro, a estancia permitiu a realización dun obradoiro de poesía, a XIII edición do Obradoiro Internacional de Tradución Poética “Con barqueira

e remador”, a cargo da aclamada poeta Yolanda Castaño, en na que participaron Radu Vancu, de Romanía; Petar Matovic, de Serbia; Nadia Mifsud, de Malta; Andrea Cote, de Colombia; Martí Sales, de Cataluña, e o galego Jesús Castro Yáñez.

Está igualmente previsto ata o 27 de outubro a realización doutro obradoiro, a V Residencia Artística de Ilustradores “Nortear Ilustrado San Simón” que reunirá a artistas de Galicia e Norte de Portugal baixo a colaboración da

AECT Galicia-Norte de Portugal, a Xunta de Galicia e a Dirección Regional de Cultura do Norte de Portugal.

Deste xeito, combinando formación, diversidade de xéneros literarios e artísticos e un entorno paisaxístico ideal, estes obradoiros de creación literaria e artística en San Simón encamiñanse a conformar un modelo propio tanto a nivel ibérico como internacional, confirmando a Galicia como un referente de creatividade artística e documental.

## Galicia vólcase con Palestina

Baixo o lema “Galiza con Palestina. Dous anos de xenocidio, 77 de ocupación” e convocados pola Coordinadora Galega de Solidariedade con Palestina, unhas 80.000 persoas e máis de 200 entidades sociais manifestaron este 5 de outubro na Praza do Obradoiro da capital galega contra o xenocidio e a ocupación israelí de Palestina.

A lectura do manifestó correu a cargo de Ánxela Gippini, de Galiza por Palestina, quen esixiu “parar o xenocidio e permitir a entrada da axuda humanitaria”. Pola súa banda, Sara Ashour, da Asociación Galaico-Árabe Jenin,



criticou que o acordo de paz de Donald Trump “non é un verdadeiro acordo de paz, porque todas as vidas valen o mesmo”. Na manifestación estiveron igualmente

presentes representantes de partidos políticos como o BNG, PSdeG-PSOE e Sumar, ademais da Confederación Intersindical Galega (CIG).

## “San Simón” no Festival de San Sebastián

A película “San Simón” do director Miguel Ángel Delgado foi estreada este 25 de setembro no Festival Internacional de Cinema de San Sebastián (Donostia) Producida polo SSIFF é o único filme en galego proxectado nesta edición.

A historia de San Simón sitúase en outubro de 1936, cando o réxime de Franco creou máis de trescentos campos de concentración por toda España: con-



ventos, fábricas, escolas, prazas de touros, mosteiros e outros espazos “pechados”. San Simón destaca pola súa insularidade. O réxime converte o antigo lazareto nun lugar de morte onde os pri-

sioneiros sofren a represión. o filme arrinca en outubro de 1936, momento de apertura desta colonia penal que estivo en funcionamento ata marzo de 1943, practicamente sete anos nos que case 6.000 persoas pasaron por ela. Sete anos despois, Lamas, un preso da illa, lembra a historia dos homes e as mulleres que, como el mesmo, sufriron a represión neste pequeno enclave da costa galega.

## O Foro de A Toxa máis xeopolítico



Mentres as rúas galegas e españolas observaban numerosas manifestacións por Palestina e contra o xenocidio de Gaza, a edición 2025 do VII Foro de A Toxa-Vínculo Atlántico, celebrado entre o 2 e 4 de outubro, xa indicaba claramente cales eran os seus obxectivos trazados no seu título “Explorando unha Nova Orde Mundial”.

O Foro reuniu a un ex primeiro ministro israelí, Ehud Olmert, quen durante o seu mandato entre 2006 e 2009 iniciou os primeiros combates directos contra Hamás en Gaza; o activista palestino Samer Sinijlawi; e un campión mundial de xadrez, o azerbaijano Gary Kaspárov, ac-

tualmente de nacionalidade croata e acérrimo opositor ao presidente ruso Vladimir Putin ata tal punto que chegou a presentar a súa candidatura presidencial en 2007.

Olmert e Sinijlawi avogaron pola “solución dos dous Estados”, unha fórmula que Netanyahu rexeita de pleno cando afirma que “non existirá Estado palestino”. Ao calor do clima militarista que vive actualmente Europa contra Rusia, Kaspárov, presidente da Renew Democracy Initiative, advertiu que “Europa se xoga o seu futuro en Ucraína” e que “non se pode negociar cun cancro como Putin”. Velaí os “mantras” da “Nova Orde Mundial” explicados no Foro de A Toxa.